

En relación coa negociación do IIº Convenio Colectivo, e ante a perplexidade e frustración que comezan a sentir cada vez máis e máis compañeiros e compañeiras, CC OO quere manifestar o seguinte:

1. Como é sabido CC OO rexeita esta proposta de Convenio ao non recoller, nin de lonxe, as expectativas que nos marcamos que coinciden, en gran parte, coas expresadas pola maioría dos/as traballadores/as con contrato laboral.
2. Os obxectivos que CC OO pretende acadar neste Convenio foron feitos públicos na [proposta](#) que presentamos no mes de abril de 2005.
3. CC OO chegou a un [acordo co sindicato CIG](#) ao entender que unha negociación de Convenio é un acto unitario no que deben estar todos os sindicatos. CC OO intentou tamén sumar a UGT a este mesmo proxecto. Na proposta presentada xunto coa CIG recollíanse, como non podía ser doutra forma, todos os nosos obxectivos.
4. CC OO rompeu o acordo coa CIG ao renunciar este sindicato a unha parte dos obxectivos conxuntos. O acordo desfíxose cando fomos conscientes de que o sindicato maioritario pretendía aprobar a proposta de Convenio e non respectaba os acordos que tiñamos adquiridos.
5. Tras esta ruptura CC OO deu a coñecer, antes de realizar as asembleas, as [propostas](#) que era preciso acordar para salvar o conflito.
6. A proposición que CC OO fixo o 27 de abril na reunión do Comité Intercentros foi a convocatoria, sen dilación, dunha votación democrática para coñecer a opinión que lle merece ao persoal que representamos a proposta de Convenio ao ser este un compromiso adquirido nas asembleas realizadas nos tres campus.
7. Non participamos do tacticismo que se están a empregar para diferir o prometido nas asembleas e o acordado no Pleno do CI. A recollida de sinaturas que está a realizar un grupo de traballadores e traballadoras son un síntoma da frustración que están a sentir unha parte importante do persoal que representamos. As responsabilidades dos sindicatos non son alícuotas e cada central sindical terá que asumir, no seu momento, a parte que lle corresponda.
8. Facémonos cargo, como non podía ser doutra forma, da nosa parte de responsabilidade neste desacordo ao tempo amosamos a nosa preocupación pola perda de eficacia e prestixio dos sindicatos e do órgano de representación.
9. A unidade sindical para CC OO pasa necesariamente pola defensa dunha proposta de Convenio que recolla as lexítimas expectativas da maioría do persoal da Universidade de Vigo e reconeza o importante papel que o noso colectivo ten desenvolver nos vindeiros anos.
10. Por último, reafirmámonos na nosa estratexia de non comprometernos con ningunha opción política ao entender que só así poderemos ser obxectivos e críticos e non teremos ningún lastre que nos impida defender no seu conxunto os intereses laborais de todos os traballadores e traballadoras da Universidade de Vigo.